



Por medio da presente informamos que o vindeiro 16 de marzo de 2025 celebrarase a **2ª edición do Concurso de canto e percusión tradicional da A.C. María Soliña** no Auditorio do Concello de Cangas do Morrazo con horario de mañá e de tarde.

Este certame está aberto á participación de calquer grupo de pandereteir@s de Galicia.

Achegámosvos as bases e insistimos en que poñades atención en tódolos puntos, especialmente aos que se refiren ás condición e prazos de inscrición. O incumprimento de calquer punto suporá a descualificación do grupo.

Os participantes deberán estar presentes unha hora antes do comezo do concurso. No caso de se producir algún cambio, seredes avisados con tempo suficiente. As normas e a orde dos grupos serán enviadas aos inscritos cando se achegue a data do evento.

Ante calquera dúbida contactade connosco polos seguintes medios:

Tlf: 647 545 227

Email: asociacionculturalmariasolinha@gmail.com

Aproveitamos para convidaros e mandarvos un saúdo.

Atentamente:

A.C. María Soliña



BASES PARA OS GRUPOS PARTICIPANTES

1. *Concurso no que poderán participar grupos de asociacións xuvenís, culturais e recreativas, folclóricas, de veciños, centros parroquiais...etc que o desexen.*
2. *A media de idade dos compoñentes determina a categoría e ningún deles poderá superar o límite da mesma en máis de dous anos.*
3. *O concurso constará de seis modalidades:*

CATEGORÍA A: ata os 10 anos

CATEGORÍA B: de 11 a 17 anos

CATEGORÍA C: máis de 18 anos

CATEGORÍA SENIOR: Enfocada para as persoas que comenzaron a tocar e a cantar en idade adulta.

ACCESIT REVELACIÓN: Só poderán optar os participantes da Categoría C sempre e cando non teñan sido premiados anteriormente noutros concursos.

ACCESIT VESTIARIO.

4. *As persoas participantes non poderán concorrer en máis dun grupo.*
5. *Os grupos poden ser femininos, masculinos ou mixtos e é obrigatorio o uso do traxe tradicional.*
6. *A organización reservarase a posibilidade de suprimir algunha das categorías de non acadar o mínimo de 5 grupos.*
7. *Os premios serán os seguintes:*

Categoría A :

1º Premio: Trofeo e 200€

2º Premio: Trofeo e 150€

3º Premio : Trofeo

Categoría B:

1º Premio: Trofeo e 250€

2º Premio: Trofeo e 150€

3º Premio: Trofeo e 100€

Categoría C:

1º Premio: Trofeo e 500€

2º Premio : Trofeo 250€

3º Premio : Trofeo 100€

Categoría Senior:

1º Premio: Trofeo e 150€

2º Premio: Trofeo e 100€

3º Premio: Trofeo

Accésit Vestiario Categoría A e B: 150€

Accésit Vestiario Categoría C: 150€

Accésit Grupo Revelación: 150€

8. *Cada grupo terá un límite de 5 minutos para interpretar a/as pezas. O grupo que exceda dito tempo quedará descualificado.*
9. *No momento da cualificación o xurado terá conta:*
 - *A autenticidade da peza, que terá que ser tradicional.*
 - *A súa dificultade.*
 - *A afinación e a interpretación.*
10. *As prazas en cada categoría iranse cubrindo por orde de inscrición. O prazo comeza o domingo 19 de Xaneiro e rematará o domingo 2 de Marzo as 00:00 horas.*
11. *Deberase cubrir o formulario e enviarase ao email da A.C. María Soliña.*
12. *O xurado será nomeado pola A.C. María Soliña e os seus fallos e acordos serán inapelables.*
13. *A participación no concurso implica a total aceptación destas bases. Non se admitirá ningún cambio fóra do prazo de inscrición. Igualmente a organización resérvase o dereito de esixir o DNI ou o libro de familia de calquera participante que semelle dúbida de idade , ben por requerimento de calquera agrupación, dalgún membro do Xurado ou porque o estime oportuno a organización. En caso de negarse ou de non presentalo, quedará decualificado/a.*
14. *Unha vez rematada a actuación de todos os grupos participantes e a avaliación do xurado, daranse a coñecer os nomes dos gañadores, e entregaranse os trofeos acadados o día 16 de Marzo do 2025. Os premios económicos serán aboados mediante transferencia bancaria. O responsable de cada agrupación deberá aportar o certificado de conta bancaria, no caso de acadar algún premio. Para evitar démoras no pago.*
15. *No accésit Senior só se admitirán 8 grupos participantes por orden de inscrición.*

